

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE DO 31 DE XULLO DE 2020

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 10.00 horas do día 31 de xullo de 2020, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputados de Democracia Ourensana:

D. José Miguel Caride Domínguez

D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:

D.^a Montserrat Lama Nóvoa (auséntase a partir do punto 9º da orde do día, este incluído)

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Non asiste don Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular.

Ao remate do tratamento do punto 8º da orde do día suspendeuse a realización do pleno, a pedimento da portavoz do Grupos de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, continuándose a partir das 13 horas e 20 minutos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no canal de vídeo mediateca streaming, no seguinte enlace:

[enlace videoacta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 26 DE XUÑO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do 26 de xuño de 2020.

Toma a palabra o deputado do grupo socialista Rafael Rodríguez Villarino para indicar que as actas das sesións dos meses de febreiro, abril e maio deste ano aínda non están subidas á web provincial, solicitando que se corrixa a dita cuestión.

A Presidencia toma nota da petición formulada.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do 26 de xuño de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- AUTORIZACIÓN AO DEPUTADO PROVINCIAL RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO PARA COMPATIBILIZAR O EXERCICIO DO SEU CARGO EN

**RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA CO DESEMPEÑO A TEMPO PARCIAL
DO POSTO DE TRABALLO DE PROFESOR ASOCIADO T3 - P5 NA
UNIVERSIDADE DE VIGO.-**

O Sr. Secretario da lectura ao ditame da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial, lembrando que existe causa de abstención do deputado solicitante por ter interese persoal no asunto (artigo 23 da LRXSP), polo que non deberá participar na votación.

A continuación ábrese o debate, producíndose as seguintes intervencións:

- 1ª. intervención Montesarrat Lama (CS): Manifesta o seu voto favorable á petición formulada polo deputado do grupo socialista.
- 1ª. intervención Bernardo Varela (BNG): Indica que non existe ningunha variación na postura manifestada na anterior solicitude de compatibilidade de hai un ano, e que en todo caso consta informe favorable dos servizos xurídicos da Deputación, polo que o seu voto será favorable.
- 1ª. intervención Miguel Caride (DO): Comeza a súa intervención lembrando a normativa aplicable, e que en todo caso as autorizacións de compatibilidade deben outorgarse sempre en función do interese público. Dito isto, manifesta que a petición formulada non xustifica en ningún momento o referido interese público, polo que o seu voto vai a ser negativo.
- 1ª. intervención Rafael Rodríguez Villarino (PS de G-PSOE): Indica que se trata do mesmo procedemento de solicitude de compatibilidade xa tramitado ante este pleno, que a lei de incompatibilidades a faculta, e que o interese público ven motivado pola docencia que se solicita, xa que ao ser tres os profesores no seu departamento, e ter finado un, faise necesario distribuír as horas entre os restantes. Engade que lle sorprende a postura de DO e que non coñeza o interese público desta solicitude, manifestando que precisamente o alcalde de Ourense, dese partido político, debería ter solicitado autorización de compatibilidade. Engade que se trata dunha obriga legal, que non está evadindo ningunha responsabilidade, e que o interese público da docencia é evidente. Indica que detrás da decisión de DO vense outras intencións xa que non hai un só motivo de obxectividade ou interese público nesta postura, e máis aínda cando na anterior ocasión que se trouxo a este pleno non manifestou obxección ningunha. Para rematar indica que asumirá a decisión do pleno, se ben será moi difícil

de explicar a negativa á autorización solicitada e que en todo caso se reserva o exercicio das accións legais que considere oportunas.

- 1ª. intervención Rosendo Fernández (PP): Comeza a súa intervención dirixíndose ao deputado solicitante, manifestando que comprende a súa petición, que pretende compatibilizar dous soldos públicos agora que a súa carreira política chega ao seu fin. Relata que o deputado solicitante é o secretario xeral do PSOE en Ourense, voceiro do grupo socialista no Concello de Ourense, voceiro do grupo socialista na Deputación Provincial con dedicación exclusiva, e que agora pide compatibilizar dous salarios públicos, aumentando para isto o número de horas de docencia na Universidade. A continuación pregúntalle ao deputado do Grupo Socialista se cando dixo que viña á Deputación Provincial a *desparasitar*, non quería dicir que viña a beneficiarse. Manifesta que non hai precedente nesta Corporación Provincial dun deputado con dedicación exclusiva que pida a autorización para compatibilizar, manifestando que cando a Sra. interventora pediu a mesma autorización o Grupo Socialista votou en contra da petición. Manifesta que van votar en contra porque o deputado solicitante non cumpre coa súa exclusividade na deputación, xa que é o deputado dos 25 da Corporación que menos pisa o Pazo Provincial, e que se contan cos dedos das mans as veces que asiste a sesións das comisións informativas. A continuación solicita que conste na acta da sesión que o seu grupo votaría a favor se pasa a unha dedicación parcial na Deputación, pedíndolle ao deputado solicitante que pense esta cuestión. Indica que a compatibilidade non é automática senón que é o pleno con criterios de interese público o que debe valorar se procede ou non a autorización e entendemos que o incremento de horas menoscaba aínda máis a súa dedicación a esta Deputación. A continuación pasa a dar lectura a intervención do deputado socialista Ignacio Gómez na sesión de data 25.10.2013, cando se tratou no pleno a autorización de compatibilidade da interventora da Deputación, e onde dixo que *este suposto de incompatibilidade é unha excepción dentro da lei, polo que debe xustificarse pola Deputación como de interese público, e que entenden que a dedicación debe ser exclusiva para a Deputación, polo que anunciaron o seu voto en contra*. Engade que a Deputación Provincial non é a Subdelegación do Goberno e que non pode entrar facendo requirimentos verbais, pedíndolle que primeiro cumpra coa súa dedicación exclusiva na Deputación e que despois falaremos da compatibilidade. Para rematar

volve sinalar que se opta por unha dedicación parcial votarán a favor da súa solicitude.

- 2ª. intervención Montesarrat Lama (CS): Sinala que ela non mira o que fan outros deputados ou outros grupos, que se trata de facer unha política xusta, e que o que os grupos que anuncian o seu voto en contra o que están facendo é leña da árbore caída, xa que pese as diferencias que pode ter co deputado solicitante, a negativa só pretende facerlle un dano persoal, polo que entende que o voto debe ser favorable porque na corporación todos son compañeiros e compañeiras pese ás diferencias ou enfrontamentos políticos que poidan ter.
- 2ª. intervención Bernardo Varela (BNG): Semella, na súa opinión, que se trata dun castigo persoal, vistas as explicacións dadas polo voceiro do grupo do PP, engadindo que as mesmas razóns que levaron a votar a favor da compatibilidade solicitada pola interventora deberan aplicarse na de hoxe, polo que semella unha clara contradición. Por último engade que non ten explicación posible á postura adoptada neste punto por DO e polo PP.
- 2ª. intervención Miguel Caride (DO): Comeza en primeiro lugar sinalando que quen debe probar o interese público é o solicitante e non ao revés, e que en todo caso estamos diante dun acto discrecional, non dun acto regrado, e que xurisprudencialmente está así establecido. Engade que non lle doen prendas en dicir que se trata dunha decisión persoal, e que se debe en gran medida a que no último ano o deputado solicitante non fixo máis que agredilo verbalmente neste pleno e nas RRSS, tendo como última mostra a fin de semana pasada cando a un compañeiro da corporación lle chamou “*vividor político*”, como se el non levase moitos anos vivindo da política, e agora, despois de toda esa actitude quere que se vote a favor, lembrando que o compañeirismo e a boa relación institucional levarían a un voto favorable. Remata dicindo que se trata dunha cuestión persoal pero que a empatía hai que gañala, e que agora mesmo el ten dereito e elixir libremente o sentido do seu voto, e que votando co corazón, vai votar que non, sendo a única persoa que coñece na política que non sabe diferenciar o eido persoal e o eido político, lembrando que cando estaba preparando esta sesión plenaria a súa primeira intención era votar que si, pero repasando os feitos do último ano, mudou a súa decisión, porque os favores hai que gañalos.

- 2ª. intervención Rafael Rodríguez Villarino (PS de G-PSOE): Comeza a súa intervención sinalando que o interese obxectivo e público é o da docencia, xa que unha vez finado un compañeiro de departamento, hai que impartir esas clases e o curso está a piques de comezar, lembrando que non se trata de ningún favor persoal, senón do exercicio dun dereito. Engade que escoitou as razóns dadas polos voceiros dos diferentes grupos explicando o sentido do seu voto, e que ningunha encaixa na conclusión do informe do secretario, que indica que deben ser razóns obxectivas e de interese público. A razón obxectiva da solicitude de compatibilidade é a necesidade de impartir máis horas das inicialmente previstas polos motivos xa indicados, e o interese público é a docencia universitaria nunha universidade pública, e que legalmente cumpre todos os requisitos. Será a primeira vez que este pleno negue unha solicitude de compatibilidade, e que en todo caso terá que decidir esta cuestión un xuíz, e que aquí non valen motivos persoais senón unicamente motivos obxectivos persoais e de interese público, e que el xa explicou.
- 2ª. intervención Rosendo Fernández (PP): Comeza a súa intervención sinalando que un ano despois de constituída a corporación, o deputado solicitante, que ten concedida unha dedicación exclusiva como deputado provincial, é o deputado dos 25 da corporación que menos pisa o Pazo provincial, e que iso pode verse facilmente nas actas das comisións informativas e outros órganos, lembrando que lle dan outra opción, que é a da dedicación parcial. A continuación sinala que é moi contradictorio que lle acuse de ser un “*vividor político*” e que veña a este pleno a solicitar poder cobrar dous soldos públicos.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace:

[Ver punto 2º](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose o asunto a votación. Con resultado de 10 votos a favor (PSOE, BNG e C’S) – non participa na votación o deputado Don Rafael Rodríguez Villarino – e 13 votos en contra (PP e DO), non se autoriza ao deputado provincial, Rafael Rodríguez Villarino para compatibilizar o exercicio do seu cargo en réxime de dedicación exclusiva co desempeño a tempo parcial do posto de traballo de profesor asociado T3 – P5 na Universidade de Vigo.

3º.- RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 29 DE XUÑO DE 2020, DE APROBACIÓN DA ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á REDE DE ENTIDADES LOCAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS ODS DA AXENDA 2030.-

O Sr. Secretario da lectura ao ditame da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª. intervención Bernardo Varela (BNG): Manifesta que agarda que esta decisión non sexa un “brinde ao sol”, desexando que isto teña unha translación real na toma de decisións, rogándolle ao pleno que este acordo se plasme en efectos prácticos que aumenten a calidade de vida dos veciños e veciñas da provincia e a sustentabilidade do planeta.

- 1ª. intervención Aurentino Alonso (PS de G-PSOE): En primeiro lugar sinala que o voto do seu grupo vai ser favorable a adopción deste acordo. A continuación pasa a resumir os dezasete obxectivos e o contido na Axenda 2030, indicando que se trata dunha cuestión aínda máis importante, debido á pandemia do COVID-19 e a crise que esta ocasionou. Engade que se trata dunha adhesión moi relevante e que se está a asumir unha responsabilidade moi relevante para levar a bo termo os obxectivos de desenvolvemento sostible desta Axenda 2030, polo que nos vincula e compromete cos dezasete obxectivos desta, polo que a acción do goberno provincial debe telos sempre presentes na súa toma de decisións. O plan de actuación ou estratexia local que se ten que redactar nesta Deputación debe telos presentes e ten que integralos en todos os seus ámbitos, en particular na asistencia aos concellos da provincia para que poidan implementar os referidos obxectivos, desexando por último, que o que hoxe se aproba non quede en papel mollado.

- 1ª. intervención Pablo Pérez (PP): Sinala que a rede de EELL para a Axenda 2030 da FEMP, é un instrumento que lles ofrecerá ferramentas aos gobernos locais para lograr o cumprimento dos seus obxectivos, comprometéndose a determinar un conxunto de actuacións que deberá ser aprobado polo pleno da corporación, así como a implementar un labor de sensibilización entre todos os axentes sociais e a sociedade

civil para conseguir a súa implicación na consecución dos obxectivos desta Axenda 2030.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [Ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervención e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Ratificar o acordo da Xunta de Goberno do 29 de xuño de 2020, de aprobación da adhesión da Deputación Provincial de Ourense á Rede de Entidades Locais para o desenvolvemento dos ODS da Axenda 2030, co seguinte contido:

“1º.- Aprobar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á Rede de Entidades Locais para o desenvolvemento dos ODS da Axenda 2030 e, en consecuencia, comprometerse a:

a) Traballar na aprobación dun Plan de Actuación ou Estratexia Local, no que se elabore unha análise de situación e un plan de localización e implementación dos ODS da Axenda 2030.

b) Cumprir coas obrigas e exercer os dereitos que se establezan nas Normas de Funcionamento da Rede, que se aprobarán na Asemblea constitutiva prevista para o mes de xullo de 2020 na que tamén se establecerá a cota para aboar que, previsiblemente, se podería fixar en función do número de habitantes.

2º.- Que polo titular da Presidencia se realicen todos os trámites oportunos para que a adhesión da Deputación de Ourense á Rede de Entidades Locais para o desenvolvemento dos ODS da Axenda 2030, sexa efectiva”.

4º.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN EN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLO ABASTECIMENTO DE AUGA DO CONCELLO DE RAIRIZ DE VEIGA.-

O Sr. Secretario da lectura ao ditame da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Economía.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª. intervención Montesarrat Lama (CS): Sinala que votará a favor deste asunto ao tratarse dunha decisión propia da autonomía local dos concellos.
- 1ª. intervención Bernardo Varela (BNG): Igualmente manifesta o seu voto favorable á decisión adoptada polo pleno do concello solicitante.
- 1ª. intervención Miguel Caride (DO): Manifesta o voto favorable do seu grupo.
- 1ª. intervención Diego Fernández (PS de G-PSOE): Ao igual que as anteriores intervencións, manifesta o voto favorable do seu grupo e o respecto pola autonomía municipal.
- 1ª. intervención Pablo Pérez (PP): Engade que se trata dun dos moitos servizos que presta a Deputación Provincial a favor dos concellos, e que o seu voto vai a ser tamén favorable.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [Ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervención e, por unanimidade, e polo tanto coa maioría esixida polo artigo 47.2 da LRBRL, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello de Rairiz de Veiga a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 9 de xuño de 2020, para a xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, así como a revisión dos actos ditados da taxa polo abastecemento de auga domiciliaria e o canon da auga nas condicións recollidas no acordo de delegación do Concello de Rairiz de Veiga, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.

b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións de descuberto do tributo ao que se refire.

c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en voluntaria será a resultante de aplicarles ás cantidades efectivamente recadadas de padróns, liquidacións, altas e outros ingresos non periódicos o tipo de gravame único do 5% e a taxa

pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario, conforme co establecido no artigo 6, apartados a) e b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.

d) A presente delegación estará vixente a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos de 4 anos se ningunha das partes mostra expresamente a súa vontade en contra, comunicándollo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á data sinalada ou á de calquera dos períodos de prórroga.

5º.- RATIFICACIÓN DA DECISIÓN DE INICIAR EXPEDIENTE PARA O OUTORGAMENTO, A TÍTULO PÓSTUMO, DA DISTINCIÓN HONORÍFICA DE FILLO ADOPTIVO DA PROVINCIA DE OURENSE AO INSIGNE CINEASTA DON JOSÉ LUÍS CUERDA MARTÍNEZ.-

O Sr. Secretario da lectura ao ditame da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª. intervención Montesarrat Lama (CS): Facendo súas as verbas de José Luis Cuerda lembra como el mesmo dicía que era un namorado de Galicia e de Ourense, amosando o seu total acordo con esta proposta xa que o considera máis que merecente da distinción.
- 1ª. intervención Bernardo Varela (BNG): Lembra como no ano 1999 o Sr. Cuerda atopou en Allariz un espazo para gravar a súa longametraxe “A lingua das bolboretas” e como desde esa data comezou a súa gran relación con esta provincia na que estableceu a súa residencia en moitas épocas do ano e mesmo creou unha adega. Conclúe amosando a súa conformidade coa iniciativa dos tres deputados propoñentes.
- 1ª. intervención Armando Ojea (DO): Sinala en primeiro lugar a súa innegable categoría como cineasta e como escritor, e como transferiu o seu éxito nestes campos

a Galicia e a Ourense, polo que entende que é máis que merecente da distinción que se propón.

- 1ª. intervención Rosario Rodríguez (PS de G-PSOE): Comeza agradecéndolle á Deputación que fíxese súa a proposta formulada por tres deputados do partido socialista, para a continuación louvar a traxectoria e méritos do homenaxeado e indicar o voto favorable do seu grupo.
- 1ª. intervención Ana Patricia Torres (PP): Comeza indicando como o homenaxeado amou á provincia e fixo provincia, dando a coñecer a mesma a través das súas longametraxes e o noso viño a través da adega que creou no concello de Leiro dentro da DO do Ribeiro. Engade que supón unha gran honra ser a instrutora deste expediente.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [Ver punto 5º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

1º.- Ratificar a incoación do expediente para o outorgamento, a título póstumo, da distinción honorífica de Fillo Adoptivo da Provincia de Ourense ao insigne cineasta don José Luís Cuerda Martínez.

2º.- Designar á deputada provincial dona Ana Patricia Torres Madureira como instrutora do expediente, conforme co que dispón o capítulo III do Regulamento de Honores e Distincións da Deputación de Ourense. A deputada instrutora actuará asistida polo asesor de presidencia don Aurelio Gómez Villar, que actuará como secretario do expediente.

6º.- CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO A DON ISAAC ALONSO ESTRAVIZ.-

O Sr. Secretario da lectura ao ditame da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª. intervención Armando Ojea (DO): Na súa condición de instrutor do expediente, indica que os méritos de Isaac Alonso Estraviz xa foron expostos no acordo de incoación do expediente, que desgraciadamente veuse paralizado polas consecuencias da pandemia do COVID-19, se ben entende que se recibiron adhesións máis que

suficientes por diferentes vías, pasando a continuación a dar lectura á proposta de acordo.

- 1ª. intervención Montesarrat Lama (CS): Sinala que o recoñecemento é máis que merecido para este ourensán nado no concello de Trasmiras e amosando a súa total conformidade coa concesión deste título honorífico.
- 1ª. intervención Bernardo Varela (BNG): Comeza lembrando a firme defensa que fixo sempre do idioma galego, que tivo a súa cúspide na súa gran obra que é o *dicionario de galego*. Indica que se trata dun recoñecemento máis que merecido para este insigne escritos e lexicógrafo.
- 1ª. intervención Margarita Pérez (PS de G-PSOE): Lembra que estamos ante unha persoa que elaborou o primeiro dicionario de galego exclusivamente no noso idioma e que sempre foi un firme defensor da nosa fala ao longo da súa traxectoria. Para rematar sinala o voto a favor do seu grupo a esta proposta.
- 1ª. intervención César Fernández (PP): Comeza a súa intervención louvando igualmente o dicionario lexicográfico de Isaac Alonso Estraviz, que recolle cada unha das verbas, termos e voces nos que a xente se refire á nosa paisaxe, e que o configuran como un instrumento de moitísima utilidade, para rematar indicando tamén o voto favorable do grupo do PP.
- 2ª intervención Armando Ojea (DO): Toma a palabra para agradecer a todos os deputados e deputadas o seu voto favorable a esta proposta.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [Ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno da Deputación adopta o seguinte acordo:

De conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, e consonte coa proposta formulada polo instrutor do expediente, outorgarlle a medalla de ouro da provincia ao insigne lexicógrafo ourensán don Isaac Alonso Estraviz.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A CREACIÓN DUN FONDO EXTRAORDINARIO DE AXUDA AOS AUTÓNOMOS, AUTÓNOMAS E PEQUENAS EMPRESAS DE OURENSE AFECTADAS POLA PANDEMIA DA COVID-19.

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda de substitución o Grupo Popular e Democracia Ourenzana, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

- 1ª. intervención Ignacio Gómez (PS de G-PSOE): Comeza a súa intervención dándolle a noraboa ao Sr. Feijóo como recente gañador das eleccións autonómicas así como ao señor Miguel Bautista pola súa condición de senador, máis tendo en conta que foi deputado provincial na anterior lexislatura. A continuación, e por alusións persoais, diríxese ao deputado do grupo do PP D. Rosendo Fernández para lembrarlle que todos temos memoria, recordando as súas liortas cos deputados de outros grupos.

Entrando xa na moción que se somete a debate, lembra como esta pandemia global do COVID-19 levou a decretar o estado de alarma e o confinamento da poboación, con consecuencias imprevisibles dende o punto de vista económico, sendo os maiores prexudicados os traballadores autónomos que teñen que pechar os seus negocios. Así, lembra como o goberno do estado ven de facer a maior mobilización de recursos públicos para loitar contra esta pandemia, moitos deles encamiñados ás axudas para os autónomos. Neste senso indica que a provincia de Ourense depende na súa meirande parte do sector servizos e que somos unha das provincias que estamos no furgón de cola da maioría dos ránkings económicos, polo que se fan necesarias máis axudas. Engade que esta moción non é nova, xa que esta petición xa foi tratada en anteriores plenos, polo que se trata de reiterar unha petición xa feita esta vez por un importe de dezaseis millóns de euros, polo que agarda que a mesma sexa aprobada polo peno desta institución.

- 1ª. intervención Montserrat Lama (CS): Centrándose no contido da moción, sinala non estar de acordo coa dicción do seu primeiro parágrafo, onde se menciona que a día de hoxe a pandemia está controlada, lembrando que non é así, e pondo como exemplo que no día de onte a Xunta de Galicia recibiu en torno a trinta mil chamadas de persoas que viñan de zonas declaradas como de risco, polo que a situación dista de estar controlada e vai máis ben cara o descontrol. Respecto do segundo parágrafo afirma confirmar o alí expresado, en particular no relativo á inexistencia de axudas para os autónomos por parte da Xunta de Galicia. Respecto da mención que fai a moción á necesaria implicación de todas as AAPP engade a importante reclamación que se está a facer ao goberno do estado para que permita empregar o 100 % do

superávit ás EELL. Respecto á petición concreta que se fai na moción para a liña de axudas a implementar pola Deputación de Ourense, precisa que debe matizarse que a día de hoxe o 20 % do remanente que pode empregarse está practicamente esgotado tras a aprobación das diferentes liñas de axudas durante o estado de alarma que se trouxeron a este pleno, polo que a moción sería inviable senón se permite empregar o 100 % do remanente de tesourería das EELL. Respecto das propostas de acordo, a primeira relativa á instar á Deputación a constituír un fonde especial destinado aos autónomos e pequenas empresas da provincia co fin de prorrogar as axudas xa recibidas, e a segunda relativa a dotar este fondo con dezaseis millóns de euros, sinala que tal e como indicou na comisión informativa, dirixiuse á intervención provincial para solicitar informe sobre esta posibilidade, pasando a continuación a dar lectura ao informe da intervención provincial, no que se conclúe que a modificación orzamentaria formulada polo grupo socialista na moción por importe de dezaseis millóns de euros non é orzamentaria nin financeiramente viable. Para concluír sinala que, estando a favor de implementar liñas de axudas, esta debería corrixirse no senso de non contemplar contías concretas, polas razóns indicadas, e respecto da emenda de substitución presentada polos grupos de DO e o PP reitera a súa postura de estar completamente en contra delas porque se trata dunha figura para ocultar un voto negativo reiterando que nunca vai votar a favor deste tipo de emendas, compartindo o fondo dos acordos, pero non a forma, entendendo que debería tramitarse como unha emenda de engádega.

- 1ª. intervención Bernardo Varela (BNG): En relación con esta moción sinala que este tema das axudas aos autónomos se está a converter nunha pelexa entre os grupos de goberno e o partido socialista, sendo tamén certo que os 600 euros que se implementaron de axuda pola Deputación, son unha contía máis ben escasa, sendo el máis partidario de axudas que xeren as condicións necesarias para que os autónomos poidan desenvolver o seu traballo en condicións que lles permitan sosterse no tempo. Lembra que os derradeiros datos indican que provincia perdeu no mes de maio seis autónomos, o que considera moi poucos, cando nos meses anteriores á pandemia do COVID-19 se perdían entre un e dous autónomos ao día, polo que entende que o descenso ven dado polas axudas implementadas, tamén dende o goberno do estado, a favor dos autónomos, e advertindo que unha vez que rematen estas axudas é cando

poderemos ver cal é a situación real. A continuación sinala que sería fundamental que esta Deputación, en colaboración cos concellos, traballe en liñas de axudas que permitan xerar condicións para que os autónomos poidan seguir cos seus negocios no tempo, non sendo partidario de axudas directas, salvo casos puntuais e xustificados. Sobre a posibilidade de usar a totalidade do remanente de Tesourería por parte dos concellos, lembra que as negociacións coa FEMP parece que están rotas a día de hoxe, polo que nesta situación vai ser moi difícil que se activen esta ou calquera outra liña de axudas. Para rematar di concordar coa apreciación feita pola voceira de CS respecto das emendas de substitución, entendendo que nestes casos o que debe facerse é votar en contra e non facer que se vote unha cousa distinta, instando a que esta práctica sexa desterrada, para mellorar a calidade democrática desta Deputación.

- 1ª. intervención Miguel Caride (DO): Comeza a súa intervención facéndolle dúas preguntas ao grupo propoñente da moción, en primeiro lugar porqué agora si estas axudas teñen encaixe legal e porqué as anteriores do grupo de goberno non o teñen, e en segundo lugar se teríamos fondos para esta nova liña de axudas, lembrando que esta cuestión xa foi informada desfavorablemente pola intervención provincial. A continuación sinala que o informe da Avogacía do Estado respecto das axudas aprobadas por esta Deputación sinala que non hai colisión competencial co propio Estado, e que se houberse algún outro conflito competencial sería coa Xunta de Galicia. Engade que o artigo 36 da LRBRL establece como competencia propia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, polo que as axudas aos autónomos teñen perfecto encaixe nel. Engade que non ten ningún tipo de xustificación a guerra do Grupo Socialista contra esta liña de axudas, e que agora o que tratan é, a través desta moción, emendar a plana, sendo unha moción desafortunada, xa que no seu momento, cando se trouxo o primeiro paquete de medidas para loitar contra a crise, o Grupo Socialista se abstivo na votación, polo que esta moción semella máis un movemento político desesperado para xustificar unha postura inxustificable.
- 1ª. intervención Rosendo Fernández (PP): Comeza a súa intervención referíndose á figura das emendas de substitución e lembrando que o actual Regulamento orgánico foi aprobado cos votos a favor de todos os grupos, incluído o do BNG. Entrando xa no contido da moción lembra que no primeiro escrito de medidas presentado polo Grupo

Socialista nesta Deputación na data 26 de marzo, non se nomeaba a palabra “autónomo” en todo o texto. Engade que se está a debater e a votar no seu caso unha moción que non é viable, tal e como informou a intervención provincial, cualificando esta como unha moción con complexo de culpa. A continuación refírese á “covardía política” do voceiro do Grupo Socialista, Rafael Rodríguez Villarino, por facer, entre outras cousas, requirimentos verbais na Subdelegación do Goberno e non ser quen de asinalos. A continuación pregúntase porqué as axudas para os autónomos son agora legais e antes non, entendendo que será porque esta iniciativa ven do Grupo Socialista e non dos grupos de DO e do PP, reiterando que a presente moción é inviable, tal e como xa se indicou. A continuación pasa a expor algunhas das medidas adoptadas pola Deputación Provincial para facerlle fronte á pandemia do COVID-19, como foi a compra de material de prevención entregado á Xunta de Galicia, as axudas a autónomos e pequenas empresas, as axudas de emerxencia social, tarxeta comerciou, teleasistencia, termalismo solidario, entre outras. Neste intre aproveita a súa intervención para agradecerlles aos empregados públicos da Deputación polo seu traballo durante estes meses, en particular polo esforzo na tramitación das axudas aos autónomos e tarxetas Comercio.

- Intervención por alusións Rafael Rodríguez Villarino (PSOE): Pregúntalles ao voceiro e aos deputados dos grupos do PP e de DO se van facer alusións constantemente e se van desviar dos asuntos a tratar, como están a facer. Ao respecto da referencia á súa covardía política, indica que a frase de letal para Ourense foi pronunciada por primeira vez polo Sr. Feijóo en relación coa posible alcaldía do Sr. Jácome, ao que logo investiu o PP, en relación cos twits na xornada de reflexión, indica que o vulgado xa devolveu as actuacións á xunta electoral de zona, xa que non hai nada de nada. A continuación sinala que o entramado que o PP utiliza para cernar dereitos, como acaba de verse na súa solicitude de compatibilidade, tamén chega á XEZ, sinalando que a vogal non xudicial do PP na XEZ é a Presidenta da Confederación de Empresarios de Ourense e que de acordo co Código Ético de esa organización debería levar inmediatamente á súa dimisión.
- 2ª intervención Ignacio Gómez (PS de G-PSOE): Comeza sinalando, en referencia á intervención da voceira de Cs, que actualmente estamos na fase da desescalada e na

que a situación da pandemia está en principio controlado, sen prexuízo do que poida pasar no futuro. Respecto á intervención do voceiro de DO indica que non debeu ler o título da moción, lembrando que esta Deputación trae os seus orzamentos ao pleno no mes de setembro, e que perfectamente se podería dotar o fondo previsto na moción nos orzamentos para o ano 2021. Sinala que se se fan as cousas ben, se dota no orzamento de 2021, se evacúan os informes correspondentes ás bases, se consensúan e aproban estas, igual as axudas chegan antes que as do Concello de Ourense. Para rematar indica que o único que hai que ter é vontade política.

- 2ª intervención Montserrat Lama (CS): Comeza sinalando que votou a favor do Regulamento orgánico vixente pero descoñecía o labor da oposición, e agora que está nela, sinala que ter unha mellor perspectiva e maior amplitude miras, e afirma que non se cansará de dicir que as emendas de substitución desvirtúan e menosprezan totalmente o traballo da oposición, sinalando que ao mellor ao grupo de goberno non lle viría mal estar na oposición para ter que valorar dita apreciación. En relación co contido da moción lembra que na comisión informativa se preguntou pola posible dotación das axudas propostas, e se respondeu que a través dunha modificación orzamentaria, de aí que se solicitase o informe da intervención provincial, engadindo que en ningún momento a moción do grupo socialista alude ao orzamento de 2021. A continuación insiste tamén en que ademais de axudas a autónomos e en liña cos concellos da provincia habería que establecer axudas para o comercio local, indicando, para rematar, que o seu voto nesta moción vai ser a abstención, polas razóns expostas.
- 2ª intervención Bernardo Varela (BNG): Comeza sinalando que lle alegra a última parte da intervención da voceira de Cs, que vai na liña do indicado polo seu grupo na primeira intervención, e que consiste en non limitarse a axudas directas puntuais senón en crear condicións necesarias para que pequenas empresas e autónomos poidan prolongar a súa actividade no tempo independentemente desas axudas, porque previamente a esta crise xa había unha baixada anual en torno ao dez por cento no número de autónomos desta provincia, o que amosa que se debe a causas estruturais da nosa provincia, e aí onde se debe actuar dende os concellos, se ben estes necesitan fondos para poder actuar nesta liña. En relación co debate sobre as emendas de substitución, sinala que no concello de Allariz onde é grupo de goberno, nunca lle

teñen presentado emendas de substitución ás propostas dos outros grupos, e que simplemente senón están a favor votan en contra ou tratan de sacalas por consenso, pero non tratan de cambiar o contido e o senso da proposta, instando aos grupos de goberno a que se poida poñer freo a esta situación.

- 2ª intervención Miguel Caride (DO): Comeza facendo referencia a unha nota de prensa publicada polo Grupo Socialista esta mañá, na que indica que interporán un recurso contencioso-administrativo contra as bases das axudas de autónomos desta Deputación, e indicando que non é correcta a afirmación que dan nela de que se se anulan as bases os autónomos non terían que devolver as axudas, cando se hai unha declaración de nulidade do acto administrativo o normal e que si se teñan que devolver as axudas, acusando a continuación ao Grupo Socialista de xogar cos intereses da xente. A continuación e en relación co contido da moción, sinala que o Grupo Socialista, unha vez que dende a intervención lle dixeron que a moción é inviable, danlle a volta, e xa non fala de cantidades concretas ou deste ano 2020, cando as propostas de acordo son moi claras no sentido de crear un fondo extraordinario de dezaseis millóns de euros, e nada din do orzamento de 2021.
- 2ª intervención Rosendo Fernández (PP): En relación co debate sobre as emendas de substitución quere lembrar que cando el foi oposición no Concello de Ourense, PS de G-PSOE e BNG se cansaron de facerlle emendas de substitución ás súas propostas. En relación co contido da emenda de substitución do seu grupo, indica que o que se pretende e continuar coas axudas postas en marcha polo grupo de goberno, que ten máis sentido que nunca posto que a moción orixinal do grupo socialista é inviable, como quedou demostrado, e así se pretende continuar coa alianza estratéxica coa CEO e a ATA de Ourense así como recoñecer publicamente a profesionalidade do equipo tramitador das axudas da Deputación de Ourense, e por último poñer en marcha unha oficina permanente de apoio a PEMES e autónomos de Ourense en coordinación coas súas organizacións representativas. Por último e referíndose á afirmación de que a Xunta de Galicia non fixera nada, expón o contido do programa “cheque autónomo” da administración autonómica, que unha das partes do programa de reactivación económica, dotado con tres mil millóns de euros.

- Intervención por alusións de Rafael Rodríguez Villarino (PS de G-PSOE): Toma a palabra para contestar á alusión feita polo voceiro do PP indicando que o texto que leu foi trasladado pola XEZ á Xunta provincial, e que esta o devolveu, por entender que non había nada de nada, engadindo que non diga medias verdades e que se informe ben.
- 3ª intervención Ignacio Gómez (PS de G-PSOE): Insiste en remarcar que as propostas de acordo da moción non falan en ningún momento de cando se ten que dotar o fondo extraordinario alí previsto, polo que podería ser perfectamente nos orzamentos do ano 2021. Respecto á acusación feita de que o Grupo Socialista está en contra das axudas aos autónomos por interpoñer un recurso contencioso-administrativo sinala que o único que se cuestiona é se as bases cumprían a legalidade ou non, e nunca a actuación dos autónomos.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [Ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a emenda de substitución do Grupo Popular e de Democracia Ourensana, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (11) e Democracia Ourensana (2), e o voto en contra do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

A continuación somete a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), o voto en contra do Grupo Popular (11) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

Como resultado da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a emenda de substitución formulada polo Grupo Popular e Democracia Ourensana á moción orixinal formulada polo Grupo Socialista, quedando aprobada a moción nos seguintes termos:

1.- Continuar coa alianza estratéxica coas organización empresariais máis representativas do noso territorio –a Confederación Empresarial de Ourense e a Asociación Provincial de Autónomos- para facer especial fincapé nas políticas de apoio a autónomos e

pemes, protagonistas da reactivación económica e social de Ourense, como o fondo extraordinario de axuda que xa fomos quen de implementar.

2.- Recoñecer o traballo do equipo tramitador das axudas e autónomos e PEMES aprobadas pola Deputación de Ourense, xestionando milleiros de solicitudes dos 91 concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia, salientando a profesionalidade e compromiso d@s empregad@s públic@s provinciais.

3.- Poñer en marcha unha OFICINA PERMANENTE DE APOIO E ASESORAMENTO a PEMES e AUTÓNOMOS da provincia de OURENSE, en coordinación coas organizacións empresariais e profesionais.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR E DEMOCRACIA OURENSANA PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A NON APROPIARSE DOS RECURSOS DAS ENTIDADES LOCAIS

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda de modificación o BNG, e cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción.

- 1ª. intervención Rosendo Fernández (PP): Comeza a súa intervención sinalando que ás 10.00 h de hoxe estaba convocada unha sesión extraordinaria da Xunta de Goberno da FEMP, e ás 9.50 se suspendeu porque o Partido Socialista quedou só, cando se ía tratar a proposta de acordo entre o Goberno de España e a FEMP para impulsar medidas de recuperación trala crise da pandemia do COVID-19 a desenvolver por concellos e deputacións. O anterior está relacionado coa moción que se vai a tratar, que pretende instar ao Goberno de España a non apropiarse dos recursos das EELL, e non é de recibo que a administración estatal se apropie dos aforros derivados da boa xestión local destes anos, máis cando os concellos nesta crise da pandemia do COVID-19 estiveron na primeira liña atendendo as demandas da veciñanza, afirmando que o extraordinario esforzo dos gobernos locais non se veu correspondido polo mando único do Goberno central que non destinou nin un só euro a apoiar ás EELL. A única medida foi permitir que as EELL empregaran unha pequena parte do superávit xerado no ano 2019 para gastos relacionados coa loita contra a pandemia, medida que é insuficiente. Neste sentido lembra que se ven reclamando ao Goberno de España unha serie de medidas como son as de flexibilizar a aplicación da regra de gasto, transferencia de fondos europeos, prórroga de prazos para executar investimentos, entre outras. Agora o que o Goberno central pretende é que as EELL lle presten os

aforros xerados polas EELL nos últimos oito anos, e por iso a totalidade das forzas políticas, agás o Partido Socialista, están en contra desta proposta. Para rematar, procede a dar lectura ás propostas de acordo contidas na moción presentada, anunciando que non admiten a emenda de engádega do BNG por ser contraria ao contido da moción.

- 1ª. intervención Miguel Caride (DO): Toma a palabra para lembrar que na data de hoxe vense de publicar o dato do PIB de España, que se derrubou máis dun 18,5 %, o que é moi significativo e indicativo do escenario ao que nos imos enfrontar, que hoxe é un problema conxuntural pero pode converterse nun problema estrutural. Neste contexto o papel das EELL vai ser moi importante, e non se pode permitir que o Estado se apropie dos recursos aforrados por estes entes, e faise necesario en que parte e como van a participar as nosas EELL na distribución de fondos procedentes da UE para loitar contra a pandemia do COVID-19. A defensa do aforro das EELL e da súa autonomía financeira deben ser nestes intres prioritarias para poder impulsar a economía, xa que a situación á que nos enfrontamos vai requirir políticas locais activas.
- 1ª. intervención Montesarrat Lama (Cs): Manifesta en primeiro lugar que este tema xa é corrente neste pleno e non hai moito máis que engadir, que a proposta que ven de presentar o goberno do Estado ante a FEMP é moi confusa, e que só achega complexidade e incerteza para as EELL, polo que parece máis unha artimaña para autofinanciarse que unha proposta que achegue solucións para as EELL. O grupo de Cs rexeita esta proposta trampa que ademais de ser inviable é contraria a proposta que figura no ditame da Comisión de reconstrución do Congreso dos deputados. O goberno do Estado debe rectificar e flexibilizar a regra de gasto, non eliminala, xa que debe evitarse que as EELL incorran en déficit. Finaliza indicando que votará favorablemente á moción e en contra da emenda de engádega do BNG.
- 1ª. intervención Bernardo Varela (BNG): Manifesta en primeiro lugar, en referencia á intervención do voceiro do PP respecto da compra de material de loita contra o COVID-19, que o concello de Allariz recibiu unicamente 450 máscaras través do mando único da Xunta de Galicia na provincia, en todo caso 2000 en total, 10 litros de lixivia e 8 de hidroxel, polo que dubida de que sexa a parte que lle correspondería a ese concello pola súa poboación, polo que indica que a xestión non pode cualificarse

de boa. Respecto á moción, sinala que o BNG está en contra de calquera incautación que o goberno central pretenda facer dos aforros dos concellos, xa que como administración máis próxima á veciñanza, van ser máis precisos que nunca ante a situación actual. A continuación explica como a proposta do Goberno remitida á Xunta de Goberno da FEMP o que agochaba era o xeito de dotar de liquidez ao Estado a costa dos aforros das EELL, xustificada polo Ministerio na imposibilidade de cumprir a Lei de estabilidade orzamentaria, de aí que o BNG solicite a súa derogación. Insiste en que os relatorios aprobados pola FEGAMP demandan a flexibilización da utilización do remanente de tesourería e superávit, permitindo o financiamento de investimentos e poder aplicar parte deste en gasto corrente. Por último pasa a explicar as emendas presentadas polo seu grupo á moción que se está a debater neste punto, para poder así votar a favor dela.

- 1ª. intervención Elvira Lama (PS de G-PSOE): Comeza a súa intervención sinalando que a postura do seu grupo está bastante afastada das propostas da moción. Indica que a cuestión é como se poden empregar os remanentes e superávits xerados polos concellos nos derradeiros anos con tanto esforzo. Engade que estamos ante a maior das crises dos últimos tempos, e que non son intres para presumir de que é o primeiro en segundo que cousas. Sinala que existen unhas normas que hai que cumprir, previstas na denominada Lei Montoro aprobada no ano 2012, cun goberno do PP, e que posto que se desconvocou a xunta extraordinaria da FEMP prevista para hoxe e se trasladou ao vindeiro luns, aínda existe marxe para seguir negociando e que non se rompa ese consenso que ata agora existe na dita federación. Trátase de que moitos concellos teñen os aforros sen poder empregalos, e o Goberno o que pretende é consensuar coa FEMP o xeito de que ese recursos poidan chegar a toda a veciñanza. Para rematar, pasa a dar lectura aos 14 puntos da proposta do goberno á FEMP.
- Intervención por alusións de Rafael Rodríguez Villarino: Diríxese novamente ao voceiro do grupo do PP pedíndolle que deixe de banalizar e que sexa obxectivo, e deixe de dicir cousas que non son certas.
- 2ª. intervención Rosendo Fernández (PP): En contestación ao voceiro do BNG, indica que a Deputación e a Xunta de Galicia déronlle ao concello de Allariz o dobre de material sanitario que o facilitado pola Subdelegación do Goberno e lémbrolla que se

lles permitiu aos concellos empregar os fondos do plan provincial para este tipo de subministracións. Dirixíndose agora á voceira do PS de G-PSOE lémballe como o goberno de Portugal tomou medidas de prevención con moita anticipación á crise sanitaria, non como fixo o goberno do estado español. En canto ao contido da moción indica que as EELL teñen autonomía local contitucionalmente recoñecida, polo que esta non pode ser a costa do Goberno do Estado, que o único que pretende é incautar os aforros das EELL. Seguidamente indícalle que a proposta á que deu lectura do goberno de España, xa non está vixente, xa que foi rexeitada polo municipalismo. Para rematar, indica que non pode ser e non se pode permitir que as EELL, coa que tiveron que afrontar nesta crise, se vexan agora privadas dos seus fondos pola actitude do Estado.

- 2ª. intervención Miguel Caride (DO): Sinala que a proposta remitida desde o goberno central non pode ser aceptada polas EELL, como xa ten reiterado en anteriores plenos, e respecto da emenda do BNG referido á derogación da Lei de estabilidade orzamentaria, manifesta a súa desconformidade con ela, xa que se ben esta lei pode ser flexibilizada ou modificarse en determinadas cuestións como o teito de gasto, o límite de endebedamento, ou o uso dos remanentes, existen outras limitacións que si son precisas para que exista certo control do gasto público, máis nunha situación de crise como a que estamos sufrindo.
- 2ª. intervención Bernardo Varela (BNG): Insiste en defender a derogación da Lei de sostibilidade e na necesidade de elaborar, ou cando menos reformular, unha norma nova. En todo caso si coincide na necesidade de rexeitar a proposta do Estado, xa que estamos nun momento crítico, e os concellos van necesitar máis que nunca poder empregar os seus aforros, polo que amosa a súa conformidade co fondo da moción, instando á Deputación a que cando se permita empregar os aforros do remanente de tesourería este sexa destinado na súa meirande parte aos concellos, e distribuído segundo criterios xustos e equitativos. Conclúe indicando que ao non ter sido aceptada a emenda do seu grupo, absteranse na votación da moción.
- 2ª. intervención Elvira Lama (PS de G-PSOE): Sinala que nun contexto como o actual os concellos son a primeira administración para a veciñanza, pero lembra que no ano 2012 cando se aprobou a Lei de sostibilidade e a regra de gasto, moitos dos que hoxe

reclaman poder empregar o cen por cen dos remanentes entón calaron, xa que había que poñer freo ao gasto e ao déficit das EELL, xa que así o esixía a UE. A proposta do goberno, que é voluntaria para cada concello e lle permite acollerse en función da súa situación financeira, permitirá achegar liquidez a todos, instando por último aos deputados do PP e de DO para que negocien no marco da proposta do goberno, a través do Presidente como membro da FEMP. Anuncia, por último, a abstención do grupo socialista na votación da moción.

- 3ª. intervención Rosendo Fernández (PP): Insiste na necesidade de adoptar este acordo e trasladarllo aos organismos correspondentes, todo isto para evitar que se produza a incautación dos fondos das EELL segundo o anunciado polo goberno do Estado.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [Ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a emenda de modificación do BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (11), e de Democracia Ourensana (2), e a abstención do Grupo Socialista (9) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

A continuación somete a votación a moción do Grupo Popular e Democracia Ourensana, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (11) e de Democracia Ourensana (2), e a abstención do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

Como resultado da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a moción formulada polo Grupo Popular e Democracia Ourensana nos seguintes termos:

Manifestar:

1. O compromiso da Deputación de Ourense coa Lei de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que lles permitiu a moitos concellos de España xerar os aforros que agora reclama o goberno central.

2. O profundo rexeitamento desta Deputación a calquera medida tendente a apropiarse dos aforros acumulados polos veciños dos concellos e provincias, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EELL ao Estado para devolver a longo prazo.

Instar o goberno de España a:

3. Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as leis les outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.

4. Atender as demandas das EELL, especialmente a referida á flexibilización da Regra de Gasto e resto de regras contidas na Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEPSF) para que poidan dispoñer do 100% os seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19.

5. Que se pretenden modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais, valide as ditas modificacións no Congreso dos Deputados ou ante os órganos de goberno da FEMP, lexítimos representantes das EELL e dos españois.

6. Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluído o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.

Darles traslado deste acordo ao presidente do Goberno, á ministra de Facenda, á ministra de Política Territorial e Función Pública, aos portavoces de grupos políticos do Congreso, Senado e das Cortes e á Xunta de Goberno da FEMP.

9º.- MOCIÓN DE CIUDADANOS PARA QUE NOS ORZAMENTOS DE 2021 SE RECOLLA UNHA ÚNICA ACHEGA PARA OS CONCELLOS, CUMPRINDO COS PRINCIPIOS DE OBXECTIVIDADE, EQUIDADE E TRANSPARENCIA, PRESCINDINDO PUNTUALMENTE DOS PLANS PROVINCIAIS, COMO CONSECUENCIA DO COVID-19.-

O Sr. Presidente di que a deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, dona Montserrat Lama, autora desta moción, tivo que ausentarse, polo que se retira da orde do día esta moción, sen prexuízo de que poida ser presentada posteriormente en calquera Pleno que a dita deputada considere oportuno.

10º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE DENUNCIA DA EMIGRACIÓN Á QUE SE ESTÁ VENDO OBRIGADA A POBOACIÓN GALEGA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

- 1ª. intervención Bernardo Varela (BNG): Comeza a súa intervención coa lectura do poema *Pra Habana* de Rosalía de Castro, que figura na parte expositiva da moción, e que despois de 156 anos da súa publicación, dista de ser un drama afastado, pasando a continuación a expoñer os datos do IGE ao respecto do número de mozos e mozas que nestes anos, e rematados os seus estudos, teñen que marchar fóra de Galicia para buscar a súa realización laboral, profesional ou persoal. Sinala como a emigración está a impactar na viabilidade do propio país, e como o peso relativo da poboación galega no conxunto do Estado vai minorando cada ano. Sinala como algúns xa denominan a esta realidade como a Galicia minguante, e pasando a dar lectura ás propostas de acordo recollidas na moción proposta. Por último fai unha breve reflexión sobre as posibles causas da emigración da xente nova, na súa meirande parte por non atopar postos de traballo que sexan acaídos e que lle permitan desenvolver as habilidades adquiridas na súa formación, maioritariamente universitaria, pondo como mostra, como a provincia de Ourense ten perdido máis de trinta mil habitantes nos derradeiros trinta anos. Pos estas razóns consideran que se deben mudar políticas e pasar a accións que permitan que os mozos e mozas do país non teñan que tomar o camiño da emigración.
- 1ª. intervención Armando Ojea (DO): Comeza a súa intervención sinalando que a parte expositiva da moción mestura datos obxectivos con xuízos de valor e que a causa da emigración na época en que se publicou o poema de Rosalía de Castro, segundo os estudosos, eran moi diversas, dende xente que escapaba do servizo de armas, xente que emigraba por emulación, problemas demográficos e outras causas. No día de hoxe sinala que tamén as causas da emigración son múltiples, moi variadas e cambiantes no tempo. Así sinala que nos últimos anos e por primeira vez en moito tempo, o saldo migratorio en Galicia é positivo e está vindo máis xente da que se vai, se ben mantense o descenso de poboación pola taxa de crecemento vexetativo, xa que falece máis xente da que nace. Respecto ás propostas de acordo da moción, sinala que o grupo proponente ten unha nutrida representación no Parlamento de Galicia, polo que esa sería a canle máis axeitada para elevar as súas propostas, e entrando xa nas propostas concretas o único que realmente se propón é constituír un relatorio sobre a emigración galega que propoña as políticas e medidas necesarias, se ben xa lle din

nesa proposta cales deben ser os eixos desas medidas. Para rematar sinala que van votar en contra da moción explicando que se trataría máis ben dun brinde ao sol.

- 1ª. intervención Diego Fernández (PS de G-PSOE): Comeza a súa intervención sinalando a posición do seu grupo a favor da moción, explicando que a realidade é que o drama da emigración vai ligado á falla de oportunidades laborais, e así a maior parte da xuventude ourensá formada nas universidades sabe que ao rematar os seus estudos non vai poder traballar na súa terra, e isto é un drama e unha realidade. A continuación expón algunhas das políticas que sería urxente abordar para tentar atallar este problema, como son a revitalización do medio rural, o retorno da chamada Galicia exterior, establecendo unha rede hoxe inexistente de traballadores e profesionais galegos no exterior e un plan de retorno inclusivo que podería levarse dende a propia Deputación Provincial. Tamén lembra a importancia de preparar axeitadamente a participación en fondos europeos, as políticas d I + D+ I, a mellora da produtividade no sector enerxético, e a ausencia dunha política en materia de turismo que permita atender ás demandas actuais, a necesidade dunha nova política forestal e agro gandeira. En definitiva, conclúe, que non debe pasar máis tempo sen que se muden as políticas que están levando a esta provincia ao retroceso e á falla de oportunidades.
- 1ª. intervención Luz Doporto (PP): Comeza sinalando que concorda coa exposición feita polo deputado de DO, engadindo que a moción proposta ten bastantes tinguaduras demagóxicas. Sinala que neste século XXI os movementos migratorios nada teñen que ver cos vividos hai máis de 150 anos. Así expón que vivimos nun mundo globalizado e sen fronteiras, e sinala que as infraestruturas tecnolóxicas son fundamentais na época actual. A continuación expón a importancia dos coñecementos lingüísticos e de idiomas nun momento en que todos, e máis a xuventude, somos fillos do mundo, e non podemos dramatizar pensando que toda a emigración e por cuestións de pobreza ou necesidade, tamén é unha cuestión de enriquecemento persoal. A continuación, referíndose ao propoñente da moción, sinala que o nacionalismo se cura viaxando, que o BNG defende que sexamos un país illado do resto do Estado, indicando que os datos que recolle a moción son nesgados e que como xa se dixo, hoxe o saldo migratorio en Galicia é positivo. Engade que o dotar á mocidade de oportunidades debe ser unha prioridade para todos, pondo como exemplo o Programa EmpredOU desta Deputación

que xa ten máis de 95 proxectos aprobados nun contexto tan complicado como este. Remata a súa intervención anunciando o voto en contra do grupo do PP.

- 2ª intervención Bernardo Varela (BNG): Comeza sinalando en primeiro lugar a contradición do grupo de DO por criticar a proposta da moción de instar ao Parlamento de Galicia, cando a moción do anterior punto da orde do día, presentada por DO, instaba a bastantes máis institucións que esta. A continuación, referíndose á voceira do PP, lémbrale que as competencias en materia de dotación de infraestruturas tecnolóxicas, en particular de fibra óptica, non son municipais, e lémbrale en todo caso que o concello de Allariz medra en comparación co resto da provincia e que máis da metade dos habitantes actuais do concello de Allariz non naceron no concello. Seguidamente, e como mostra da importancia que ten a emigración, lembra que na Xunta de Galicia existe unha secretaría xeral da emigración. Sinala que a emigración de hoxe, sen prexuízo de que haxa casos en que se debe unha decisión persoal, prodúcese na súa maior parte por busca de oportunidades laborais ou profesionais.
- 2ª. intervención Armando Ojea (DO): Indica que o fenómeno da emigración, hoxe e sempre, afecta principalmente á xente nova, xa que supón un investimento para ter unha mellor calidade de vida, se ben nos últimos anos tamén se están dando casos de persoas maiores e xubilados que deciden emigrar ou retornar. Ademais indica que os movementos migratorios globais, xa que é un fenómeno que debe abordarse deste xeito e non só referido á sociedade galega, van sufrir importantes cambios como consecuencia da pandemia do COVID-19. Polo exposto considera que confiar a solución deste problema a un relatorio do Parlamento de Galicia lle parece ridículo.
- 2ª intervención Diego Fernández (PS de G-PSOE): Comeza a súa intervención indicando que do dito por algún voceiro dalgún grupo político parece que en vez de falar de Ourense, estamos a falar de Suecia, e que a xuventude só emigra para irse de Erasmus ou coñecer novas culturas, cando a realidade é outra e a xuventude vaise traballar a Suíza, ou a Alemaña, a Inglaterra ou ás Illas Canarias. Remata pedindo reflexión sobre esta teme, afirmando que aquí estamos para achegar pero non para frivolar.
- 2ª intervención Luz Doporto (PP): En primeiro lugar indica que en ningún intre se está chanceando sobre este tema, lembrando que ela mesma é filla de pais que emigraron e

logo retornaron. Sinala que na emigración actual hai moita xente que sae na procura de mellores oportunidades laborais ou de mellorar na súa carreira profesional, se ben aínda que se gañe máis noutros países, o nivel de vida tamén é maior, e a maioría, despois de coñecer mundo, acaba retornando. Hoxe a maior parte da emigración non é estática senón dinámica, e cámbiase de empresa e de país con bastante frecuencia. A continuación diríxese ao voceiro do BNG para lembrarlle a situación económica dese concello, xa que se ben o modelo do goberno si trouxo xente, estase quedando atrás, e o concello agora mesmo non ten un can.

- 3ª intervención Bernardo Varela (BNG): Sobre a derradeira afirmación da voceira do PP, indica que quen lle dera ao resto da provincia poder estar ao nivel do Concello de Allariz, e respecto á conectividade do concello, indica que se ben non están para presumir non é dos peores. Centrándose xa na moción, sinala que temos que facer todo o necesario para evitar a emigración e que os eixos destas políticas sexan crer na base produtiva do país, xerar emprego e riqueza, emprego digno e de calidade e políticas sociais que favorezan a igualdade.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [Ver punto 10º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (9), e o voto en contra do Grupo Popular (11) e de Democracia Ourensana (2).

11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A CREACIÓN DUN PLAN PARA REDUCIR A FENDA DIXITAL E DE APRENDIZAXE.-

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda de substitución o Grupo Popular e Democracia Ourensana, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

- 1ª. intervención Rafael Rodríguez Villarino (PS de G-PSOE): Comeza adiantando que non van a aceptar a emenda do grupo do PP e de DO, xa que consideran que é unha moción moi ben traballada e acaída. A continuación expón como un dos principais problemas na provincia o da conectividade, e que son en torno a 57 os concellos da provincia que non teñen banda ancha de 100 megas, e que agora mesmo todos estamos a sufrir unha fenda de aprendizaxe, especialmente os nenos e nenas, e que a ver en que

condicións van iniciar o curso escolar no mes de setembro, xa que a pandemia do COVID-19 amosou e fixo máis visibles as carencias existentes. Sinala que a fenda ten que ver primeiro con ter sinal, xa que de pouco vale ter terminais senón se ten cobertura, que se trata tamén dunha fenda económica, xa que hai familias que non poden ter acceso a ordenadores ou só poden ter un por familia. Neste senso indica como para rematar o presente curso moitos profesores tiveron que pagar do seu peto equipos para poder gravar e impartir clases on line, e como moitos nenos non tiveron conexión a internet, ou só con conexión móbil. Engade que a moción que se trae a este pleno contén un plan minucioso e detallado, e non propostas xenéricas como a emenda dos grupos do PP e de DO. Sinala que a fenda de aprendizaxe se ve agravada en moitos casos porque os propios pais e nais non se ven capacitados e non teñen a formación para manexar os recursos on line que precisan os seus fillos, e que hai casos moito máis graves como son as familias en risco de exclusión social nas que a fenda de aprendizaxe se viu aínda máis agravada coa crise da pandemia do COVID-19. Lembra como no ano 2017 se aprobara neste pleno de xeito unánime unha moción sobre a fenda dixital, aproveitando para preguntar se se puxeron en marcha os acordos adoptados naquela moción, en particular o inventario de núcleos sen acceso a internet.

- 1ª. intervención Bernardo Varela (BNG): Comeza compartindo que existe unha importante problemática na provincia en canto a infraestruturas tecnolóxicas e de conectividade, lembrando que as subvencións que existen hoxe son para núcleos de menos de 180 habitantes, dándose a paradoxal de que determinados núcleos de Allariz si poidan ter acceso a esa banda ancha pola súa poboación pero o núcleo da vila, se ben espera que esta situación mude. Sobre a moción indica que hai que ser máis esixente coas demandas ante o Ministerio de Asuntos económicos e transformación dixital, xa que boa parte dos fondos para dotar de rede aos concellos veñen do Estado ou de fondos da UE, reclamando que deba existir unha discriminación positiva para os concellos galegos por aspectos como a dispersión da poboación. Respecto da emenda de substitución dos grupos do PP e de DO indica que para eles parece que todo vai ben, se ben pon como exemplo cando hai uns meses dende o IES de Allariz chamaron ao concello porque moitos alumnos quedaban sen ordenadores para seguir a formación on line, e aos que a Xunta de Galicia deixou desamparados. Por último indica que se debería chegar a algún tipo de acordo para demandar dos gobernos

autonómico e estatal medios reais para rematar coa fenda dixital, polo que debería ser unha cuestión central para todos tratar de rachar con esta fenda.

- 1ª. intervención Miguel Caride (DO): Indica que para centrar o debate habería que explicar primeiro que é a fenda dixital, que pode definirse como unha distribución igual no uso e no acceso ao impacto das TICS, e que se produce fundamentalmente por grupos sociais. Engade que nesta materia teñen competencia principalmente tres administracións, que son a UE, o Estado e as CCAA, as dúas primeiras con competencias esencialmente no eido da fenda de acceso e as CCAA con competencias na fenda de aprendizaxe, e sen esquecer a importancia da participación das empresas do sector privado. A UE advertiu de que un dos problemas do estado español é o custo do acceso, lembrando que a Lei de economía sostible recolle no seu artigo 52 o dereito ao acceso universal, con independencia da súa localización xeográfica e cunha calidade determinada e prezo accesible. A continuación expón algunhas das políticas de acceso que se están levando a cabo no estado e na CA de Galicia para dotar de servizo ás chamadas zonas de sombra ou grises. Polo que se refire á fenda de aprendizaxe cita o plan de inclusión dixital de Galicia 2020 que ten por obxecto o impulso do emprego das TICS, polo que ten a percepción de que se está loitando contra a dita fenda, engadindo que os subministradores destes servizos son os maiores interesados en potenciar o seu uso, polo que analizando a moción parece que o plan engade que é excesivo, e máis cando hai tantas AAPP e actores implicados, razón pola que se presenta emenda de substitución.
- 1ª. intervención Ana Villarino (PP): Comeza a súa intervención destacando a importancia que tivo a pandemia do COVID-19 no eido educativo, como nos enfrontamos a unha situación nova e descoñecida, e como se tivo que botar man incluso do enxeño para poder rematar o curso escolar, xa que se tratou dun cambio do modelo educativo, se ben os avances producidos nos derradeiros anos como a plataforma abalar, a formación do profesorado, a dotación de recursos didácticos dixitais, facilitaron moito o traballo a distancia. A continuación remata relacionando algunhas das medidas postas en práctica pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia para afrontar a crise do COVID-19. Así a Xunta, para tentar que a fenda dixital non se convertese en fenda social, puxo en marcha o programa de préstamo persoal de 2750 kits informáticos, 600 deles nesta provincia, medida completada coa posta a

disposición de equipos dos centros educativos. Para afrontar as situacións que podan darse no vindeiro e vindeiros cursos a Xunta puxo en marcha varios plans no eido educativo, en colaboración coa AMTEGA e a FEGAMP. A continuación sinala que a ministra de Educación, antes da pandemia, puxo en coñecemento das CCAA a súa intención de implementar un plan de dixitalización para o ensino, do cal non se teñen avances nin medidas. Por último pasa a expor os datos do Ministerio sobre os datos de cobertura por concellos na nosa provincia, en particular no referente á banda ancha, sendo obxectivo principal mellorar a velocidade da conectividade. Conclúe indicando, que con todo o exposto, procede adoptar os acordos que figuran na emenda de substitución presentada polos grupos do PP e de DO.

- 2ª. intervención Rafael Rodríguez Villarino (PS de G-PSOE): Comeza sinalando que nesta materia hai que ser realista, e que debemos apartar as empresas deste asunto, xa que se trata de dotar de servizos á veciñanza, e que en todo caso están a contraponerse un bo plan, que é o contido na moción, e unha serie de propostas xenéricas que figuran na emenda presentada polos grupos do PP e de DO. Neste senso lembra como as propias estatísticas do IGE do ano 2019 indican que na área de Ourense Sur están os peores datos de cobertura e de acceso a internet de toda Galicia, e indica que se ben pode entender a postura do grupo do PP defendendo as políticas da Xunta de Galicia en ningún caso é comprensible a proposta do grupo de DO que rexeita aprobar un plan traballado e detallado como o contido na moción.
- 2ª. intervención Bernardo Varela (BNG): Comeza a súa intervención dicindo que queda moito máis tranquilo tras a intervención da voceira do PP, xa que no ano 2021 todos os concellos de Galicia van ter cobertura. A pesar disto indica que a realidade non é esta, e que existen moitísimas dificultades e limitacións no despregue da banda ancha na provincia. Igualmente indica, sen por en dúbida o esforzo da Xunta, que este foi insuficiente, e o concello de Allariz tivo que facerse cargo de prestar equipos informáticos para certos alumnos. Conclúe indicando que apoiarán esta moción, se ben botan en falla maior fincapé nas reivindicacións ao goberno do Estado, que tamén ten moitas competencias neste ámbito.
- 2ª. intervención Miguel Caride (DO): Comeza sinalando que as empresas teñen que ser tidas en conta xa que se trata dun sector liberalizado pola normativa da UE, e que deben ser as AAPP competentes as que, a través de medidas de fomento, atraian a

actividade empresarial neste eido. Para rematar insta ao voceiro do Grupo Socialista a que teña unha actitude normal co discrepante e non arrogante, como está facendo continuamente, e que respecte posicións e opinións diferentes á súa.

- 2ª. intervención Ana Villarino (PP): Comeza instando ao voceiro socialista a que lle reclame á ministra de Educación a que avance nese prometido plan de ensino dixital, mentres eles, como di a emenda de substitución presentada, instarán á Xunta de Galicia a seguir impulsando o ensino dixital.
- 3ª. intervención Rafael Rodríguez Villarino (PS de G-PSOE): Comeza cuestionando a emenda dos grupos do PP e de DO, que simplemente se limitan a instar a que se continúe como ata agora e a fomentar as vocacións científico-tecnolóxicas, preguntando que pasa coas vocacións artísticas ou culturais, se é que esas non contan, lembrándolles que non están formulando ningunha proposta e que a emenda presentada é o baleiro máis absoluto.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [Ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a emenda de substitución do Grupo Popular e de Democracia Ourensana, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (11) e Democracia Ourensana (2), e o voto en contra do Grupo Socialista (9) e do BNG (1).

A continuación somete a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), e o voto en contra do Grupo Popular (11) e de Democracia Ourensana (2).

Como resultado da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a emenda de substitución formulada polo Grupo Popular e Democracia Ourensana á moción orixinal formulada polo Grupo Socialista, quedando aprobada a moción nos seguintes termos:

- Instar á Xunta de Galicia a seguir impulsando o ensino dixital, fomentando as vocacións científico-tecnolóxicas entre o estudantado galego e apoiando ao alumnado de familias vulnerables, facilitándolles equipamentos e recursos informáticos para o seguimento da actividade educativa.

12º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao deputado do BNG para expor a urxencia da moción que desexa presentar.

- 1ª intervención Bernardo Varela (BNG): Sinala que a urxencia desta moción ven motivada por uns acontecementos recentes producidos no concello de Castrelo de Miño, coa compra da vontade política de dous concelleiros do grupo socialista e que ven de materializarse polo sistema caciquil que ten o PP nesta provincia, con posterioridade á convocatoria deste pleno, e de aí a urxencia. A continuación sinala que o PP, o PSOE e o BNG teñen asinado o pacto antitransfuguismo que non permite este tipo de mocións de censura, polo que non debería existir ningún problema para debater este asunto neste pleno, indicando que no ánimo dos votantes do PSOE nese concello seguro que non estaba apoiar a un alcalde do PP.
- 1ª intervención Ignacio Gómez (PS de G-PSOE): Sinala que esta situación é perverter a democracia, e sempre polo mesmo partido, o PP, o PP de Baltar, que nos últimos anos están a usurpar a democracia en moitos concellos desta provincia, lembrándolle ao grupo de DO que tamén son tráfugas xa que están facendo todo o contrario ao que dicían.
- 1ª intervención Rosendo Fernández (PP): Sinala que o que se está a debater é a urxencia, non se está a facer discursos políticos, lembrándolle ao voceiro socialista que no concello de Ribadavia ou na Xunta de Galicia o PSOE conseguiu gobernos con mocións de censura, indicando para rematar que no concello de Castrelo de Miño non hai ningún transfuguismo xa que eses dous concelleiros non formaban parte do grupo de goberno, xa que non existía pacto de goberno.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no seguinte enlace:

[Ver punto 12º](#)

A continuación sométese a votación a urxencia da moción do BNG que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e do Grupo Socialista (9) e o voto en contra do Grupo Popular (11) e Democracia Ourensana (2).

13º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de xuño de 2020, e dos seguintes adicionais: 1º de maio e 2º de xaneiro de

2020.

Os membros da Corporación quedan informados.

14º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda, formuláronse as seguintes:

- Ignacio Gómez Pérez (PS de G-PSOE), pregunta en referencia a unhas actuacións realizadas no concello da Rúa, no camiño do Aguillón, se se contou con autorización da CH do Miño-Sil para elas, se a CH autorizou o uso dos materiais alí empregados, e se se vai a tomar algunha medida para corrixilas.
- O presidente procede a dar lectura ao informe evacuado polo xefe do parque móbil e de maquinaria da Deputación que di que esta actividade de cooperación mediante a posta a disposición de equipos de maquinaria en favor dos concellos, se realiza trala presentación previa dun formulario normalizado onde o concello declara ter todas as autorizacións e permisos necesarios para as actuacións, que estas son conformes coa normativa e o planeamento urbanístico, que pon a disposición os terreos necesarios e que exime a Deputación por calquera dano o prexuízo causado, engadindo que traballos similares se levaron a cabo por mor das inundacións no concello do Barco de Valdeorras. Respecto aos materiais, indica que a posta a disposición deles lle corresponde ao concello, e que neste caso se empregou sábrago, area miúda e grava que tiña amoreado o concello, correspondéndolle ao concello asumir calquera modificación sobre eles.
- Ignacio Gómez Pérez (PS de G-PSOE), pregunta se ten pensado actuar na estrada provincial de Leiro-Berán-Caldelas, pregunta que xa é reiterada dende anteriores plenos.
- O presidente responde que lle requirirá información á Área de Infraestruturas sobre o estado da tramitación das ditas actuacións.
- Ignacio Gómez Pérez (PS de G-PSOE), roga que cando se fale do concello de Ribadavia se fale con propiedade, xa que no concello de Ribadavia houbo moción de censura, pero nunca transfuguismo.
- Aurentino Alonso (PS de G-PSOE), pregunta polo estado do cumprimento dos compromisos da Deputación en relación co acceso en San Vicente de Leira,

lembrando que estes días se realizou un pleno no concello de Vilamartín de Valdeorras bastante tenso xa que ao estar pechada a estrada provincial de acceso ao núcleo, unicamente se pode acceder por un viario municipal, que na actualidade está en mal estado e sobre o que a Deputación Provincial se comprometera ao seu acondicionamento.

- A Presidencia contesta que se cumprirán todos os compromisos adquiridos pola Deputación para solucionar os problemas de acceso no referido núcleo.
- Aurentino Alonso (PS de G-PSOE): Roga que se tramiten con maior axilidade as delegacións de contratación solicitadas polos concellos dentro do Plan Provincial de Obras e Servizos, lembrando que a solicitude formulada polo concello do Barco de Valdeorras, foi contestada pasados tres meses, o que ocasiona dificultades para tramitar a dita contratación e a execución da obra dentro do exercicio económico.
- Bernardo Varela (BNG): Indica que a CEO recibe subvencións no ano 2020 desta Deputación por un importe en torno aos 100.000 €, engadindo que unhas manifestacións recentes do vicepresidente dela poñen de manifesto un posible maquillado das contas da entidade, solicitando que se leve a cabo un maior control da Deputación sobre esas subvencións, lembrando ademais que o Código Ético desa entidade non permitiría que a Presidenta actúe como vogal non xudicial na XEZ do PP, tal e como fixo no derradeiro proceso electoral.
- O presidente contesta que a CEO é unha institución non unipersoal, e que a Deputación a continuará apoiando estea quen estea na presidencia, xa que se trata dunha entidade representativa dos intereses dos empresarios da provincia, e entendendo que o código ético desa institución en ningún momento establece a referida prohibición.
- A continuación prodúcese un breve debate entre a Presidencia e o voceiro do Grupo Socialista sobre a interpretación do código ético da CEO.
- Rafael Rodríguez Villarino (PS de G-PSOE): Sobre a estrada que comunica a Ponte Nova con Oira, indicando que nestas datas é cando está máis transitada, e que se están acometendo unhas obras, que a teñen actualmente en mal estado, con

grava, sen pintar e cos pasos elevados eliminados, preguntando se a Deputación está acometendo as ditas obras, se están finalizadas e se existe proxecto delas.

- A Presidencia contesta que conseguirá información e contestará por escrito.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [Ver punto 14º](#)

E, ás 15.15 horas do citado día 31 de xullo de 2020, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará de xeito electrónico. Dou fe.